**CARTA PASTORAL DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIÁSTICA COMPOSTELÁ CON MOTIVO DA XORNADA INTERDIOCESANA DE ENSINO RELIXIOSO ESCOLAR.**

**FORMACION RELIXIOSA E MORAL NA ESCOLA**

Queridos irmáns/ as:

Dirixímonos a vós con motivo da xornada Interdiocesana de sensibilización sobre o Ensino Relixioso e Moral nos centros escolares tanto estatais como de iniciativa social.

Entre os problemas que están a afectar actualmente á nosa sociedade, sen dúbida un dos máis importantes é o da educación. A ordenación actual do sistema educativo conseguiu indiscutibles logros pero tamén hai carencias importantes. Hoxe todos están de acordo na necesidade de mellorar todo o relativo á educación en España. Os pais, os profesores, as autoridades educativas e até os mesmos alumnos reclaman profundas reformas que permitan lograr unha educación de calidade que poida ofrecer unha mellor formación ás xeracións futuras.

A Igrexa que, desde sempre, mostrou gran inquietude pola educación da infancia e a mocidade, non pode nin quere quedar á marxe da preocupación de amplos sectores da nosa sociedade que desexan mellorar as leis educativas. Recoñece que a escola é un medio privilexiado para a formación integral do home despois de que ela é un centro onde se elabora e transmite unha concepción específica do mundo, do home e da historia. Ve, por tanto, na calidade educativa o maior ben para a persoa humana, urxindo o desenvolvemento non só dos aspectos pedagóxicos, científicos ou técnicos senón tamén da formación integral na que non pode esquecerse a dimensión transcendente.

Os pais de familia con fillos en idade escolar prestarán atención a que os seus fillos reciban o ensino relixioso, dentro das normas establecidas no Acordo entre a Santa Sé e o Estado Español sobre Ensino e Asuntos Culturais e nas disposicións legais concordadas que as desenvolven. Os responsables dos centros deben garantir o exercicio efectivo deste dereito dos pais. "Na Europa dos dereitos do home e do cidadán, a realización de tal ensino garante dereitos fundamentais de conciencia, que serían feridos por formas de marxinación e desvalorización. É xusto, por tanto, que se definan claramente as normas lexislativas e os ordenamentos institucionais, de forma tal que aseguren, en relación coa presenza, os horarios e a organización escolar, as condicións para un efectivo e, digno desenvolvemento do ensino da relixión na escola, segundo o principio da súa igual dignidade cultural e formativa coas demais disciplinas, que non está de ningún modo en contraste co rigoroso respecto da liberdade de conciencia de cada un" (XOÁN PAULO II, *Discurso no Simposio sobre o ensino relixioso*, Roma, 1991).

Desde esta perspectiva queremos destacar a importancia que ten a relixión na formación da nosa cultura que non se entende á marxe dela como tamén o influxo no estilo de vida humano, equipado cuns criterios e valores que orientan o noso pensamento e actuación no acontecer da nosa existencia se queremos servir á verdade sobre o home. O Ensino relixioso nos centros escolares non é nin unha imposición da Igrexa nin unha concesión benévola do Goberno. É o requisito dunha escola de calidade e o dereito que tedes vós, como pais cristiáns. O ensino relixioso escolar quere depositar xunto aos demais saberes que os vosos fillos/as van

alcanzando na escola, o fermento dinamizador do evanxeo. É unha materia apaixonante que será clave para interpretar as diferentes vocacións na vida.

Familia, parroquia e escola son ámbitos de formación cristiá que non se poden considerar separados entre si. Cada un deles ofrece as súas propias posibilidades educativas e ten os seus propios contidos; todos son necesarios e compleméntanse. No curso 2012-13 a opción polo ensino relixioso católico descendeu en 3.5 puntos. O descenso deuse soamente nos centros estatais, mentres que subiu o 3 % nos centros de iniciativa social-entidade titular católica e o 1.7% nos de iniciativa social-entidade titular civil. Todos somos conscientes de canto nos xogamos no futuro na consecución dunha auténtica educación de calidade. Por iso neste día, pedimos a todos os implicados no mundo da escola (pais, alumnos, educadores, sacerdotes, profesores de Relixión...) a vosa colaboración e participación para afrontar, de forma positiva, os múltiples retos que hoxe ten a educación. De forma especial facemos unha chamada a vós, pais de familia, que pedistes o Bautismo para os vosos fillos e queredes para eles unha educación de calidade e unha boa formación cristiá, lembrándovos que debedes solicitar para eles o ensino relixioso na escola.

Que Cristo, o Mestre por excelencia, ilumínevos na difícil tarefa da educación. Saudámosvos con todo afecto e bendicimos no Señor.

## CARTA PASTORAL DE LOS OBISPOS DE LA PROVINCIA ECLESIÁSTICA COMPOSTELANA CON MOTIVO DE LA JORNADA INTERDIOCESANA DE ENSEÑANZA RELIGIOSA ESCOLAR.

## FORMACION RELIGIOSA Y MORAL EN LA ESCUELA

Queridos hermanos/ as:

Nos dirigimos a vosotros con motivo de la jornada Interdiocesana de sensibilización sobre la Enseñanza Religiosa y Moral en los centros escolares tanto estatales como de iniciativa social.

Entre los problemas que están afectando actualmente a nuestra sociedad, sin duda ninguna uno de los más importantes es el de la educación. La ordenación actual del sistema educativo ha conseguido indiscutibles logros pero también se detectan carencias importantes. Hoy todos están de acuerdo en la necesidad de mejorar todo lo relativo a la educación en España. Los padres, los profesores, las autoridades educativas y hasta los mismos alumnos reclaman profundas reformas que permitan lograr una educación de calidad que pueda ofrecer una mejor formación a las generaciones futuras.

La Iglesia que, desde siempre, ha mostrado gran inquietud por la educación de la infancia y la juventud, no puede ni quiere quedar al margen de la preocupación de amplios sectores de nuestra sociedad que desean mejorar las leyes educativas. Reconoce que la escuela es un medio privilegiado para la formación integral del hombre en cuanto que ella es un centro donde se elabora y se transmite una concepción específica del mundo, del hombre y de la historia. Ve, por tanto, en

la calidad educativa el mayor bien para la persona humana, urgiendo el desarrollo no sólo de los aspectos pedagógicos, científicos o técnicos sino también de la formación integral en la que no puede olvidarse la dimensión trascendente.

Los padres de familia con hijos en edad escolar han de prestar atención a que sus hijos reciban la enseñanza religiosa, dentro de las normas establecidas en el Acuerdo entre la Santa Sede y el Estado Español sobre Enseñanza y Asuntos Culturales y en las disposiciones legales concordadas que las desarrollan. Los responsables de los centros deben garantizar el ejercicio efectivo de este derecho que asiste a los padres. "En la Europa de los derechos del hombre y del ciudadano, la realización de tal enseñanza garantiza derechos fundamentales de conciencia, que serían heridos por formas de marginación y desvalorización. Es justo, por tanto, que se definan claramente las normas legislativas y los ordenamientos institucionales, de forma tal que aseguren, en relación con la presencia, los horarios y la organización escolar, las condiciones para un efectivo y digno desarrollo de la enseñanza de la religión en la escuela, según el principio de su igual dignidad cultural y formativa con las demás disciplinas, que no está de ningún modo en contraste con el riguroso respeto de la libertad de conciencia de cada uno" (JUAN PABLO II, Discurso en el Simposio sobre la enseñanza religiosa, Roma, 1991).

Desde esta perspectiva queremos destacar la importancia que tiene la religión en la formación de nuestra cultura que no se entiende al margen de ella como también el influjo en el estilo de vida humano, equipado con unos criterios y valores que orientan nuestro pensamiento y actuación en el acontecer de nuestra existencia si queremos servir a la verdad sobre el hombre. La Enseñanza religiosa en los centros escolares no es ni una imposición de la Iglesia ni una concesión benévola del Gobierno. Es el requisito de una escuela de calidad y el derecho que tenéis vosotros, como padres cristianos. La enseñanza religiosa escolar quiere depositar junto a los demás saberes que vuestros hijos/as van alcanzando en la escuela, el fermento dinamizador del evangelio. Es una asignatura apasionante que será clave para interpretar las diferentes vocaciones en la vida.

Familia, parroquia y escuela son ámbitos de formación cristiana que no se pueden considerar separados entre sí. Cada uno de ellos ofrece sus propias posibilidades educativas y tiene sus propios contenidos; todos son necesarios y se complementan.

En el curso 2012-13 la opción por la enseñanza religiosa católica ha descendido en 3.5 puntos. El descenso se ha dado solamente en los centros estatales, mientras que ha subido el 3 % en los centros de iniciativa social-entidad titular católica y el 1.7% en los de iniciativa social-entidad titular civil. Todos somos conscientes de cuanto nos jugamos de cara al futuro en la consecución de una auténtica educación de calidad. Por eso en este día, pedimos a todos los implicados en el mundo de la escuela (padres, alumnos, educadores, sacerdotes, profesores de Religión, alumnos...) vuestra colaboración y participación para afrontar, de forma positiva, los múltiples retos que hoy tiene planteada la educación. De forma especial hacemos una llamada a vosotros, padres de familia, que habéis pedido el Bautismo para vuestros hijos y queréis para ellos una educación de calidad y una buena formación cristiana, recordándoos que debéis solicitar para ellos la enseñanza religiosa en la escuela.

Que Cristo, el Maestro por excelencia, os ilumine en la difícil tarea de la educación.

Os saludamos con todo afecto y bendecimos en el Señor.